

Andrea Fernández Sánchez



Pedagoga



Graduada en Ciencias da Educación – Educación Primaria e Pedagogía – pola Universidade de A Coruña e Mestrado en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións

Escolares por dita univesidade. Tamén son doutora en Equidade e Innovación en Educación con mención internacional, pois estiven parte do meu doutoramento no centro Observa Science in Society en Vicenza, Italia. O meu doutoramento consistiu en investigar sobre as preferencias, valores e experiencias que conforman a base da elección de estudos superiores no eido STEM con perspectiva de xénero co obxectivo de fomentar actitudes positivas e vocacións STEM. Estou asociada a AMIT-Gal.

Vocacións STEM

"Informarlles sobre como podemos interconectar a CTS desde o ámbito educativo para promover actitudes positivas e unha imaxe non distorsionada da ciencia e tecnoloxía para fomentar vocacións STEM e da necesidade da tecnoloxía no ámbito educativo facendo fincapé na súa funcionalidade na motivación do alumnado"

OLA A TODAS!

O meu ámbito de traballo trata sobre un tema que nos afecta a todas, sen importar onde vivamos: a igualdade de xénero nos campos da ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas, máis coñecidos como STEM. Nun mundo onde a igualdade de xénero segue sendo un punto central de debate e acción, é vital entender por que a participación feminina nestas áreas segue sendo desproporcionadamente baixa, a pesar de que a ciencia e tecnoloxía son indiscutiblemente cruciais para o desenvolvemento social e económico dos países.

PARA COMENZAR. debemos recoñecer que vivimos nunha sociedade onde os roles e expectativas de xénero aínda inflúen moito nas decisións profesionais. Os estereotipos de xénero, a falta de modelos a seguir, os sesgos no entorno educativo, a fenda de confianza e a falta de orientación e información adecuada son factores que contribúen significativamente a esta baixa representación feminina en STEM. Pero, que podemos facer ao respecto? Desde o meu traballo como investigadora, dediqueime a explorar como podemos cambiar estas percepcións e motivar a máis rapazas coma vós a que consideren carreiras nestes campos tan excitantes e gratificantes.

UNHA PARTE CRUCIAL DO MEU TRABALLO é revisar e transformar a imaxe que se ten da ciencia e da tecnoloxía nas nosas escolas. Moitas de vós e os vosos compañeiros teñen unha visión do que significa ser científico/científica ou enxeñeiro/enxeñeira, talvez pensando que é un campo só para xenios ou para quen é naturalmente adepto ás matemáticas e á física. Con todo, a realidade é moi diferente. A ciencia e a tecnoloxía son áreas de creatividade, de resolución de problemas e de traballo en equipo con un gran impacto na sociedade. É esencial que desde os colexios desafie- mos estas visións deformadas e demostramos que a ciencia non é só un montón de xente en batas brancas nun laboratorio. É desenvolver aplica- cións que melloran as nosas vidas, é enxeñería ambiental para protexer o planeta, e moito máis.

